



Os/As abaixo assinantes, **chefes/las** de Departamento de português **das principais** Escolas Oficiais de Idioma **EOI galegas** queremos mostrar a nossa preocupação pela situação do Português na EOI de Lugo à luz das seguintes informações:

Segundo nos informam desde a escola de Lugo:

- A Escola Oficial de Idiomas de Lugo dispunha até hoje de uma procura consolidada e de três docentes de português: 2 definitivos e um interino.

- Desde há aproximadamente cinco anos as cifras de matrícula em português parecem estar consolidadas e serem relativamente estáveis (entre 80 e 100 alunos);

- A interinidade está consolidada: ocupou-a durante 14 anos um professor interino.

-Esta interinidade fez parte do Concurso de Estabilização para interinos de 2023, e também do concurso geral de traslados deste ano, e poderia estar disponível no concurso de geral traslados do ano próximo. Isto é especialmente importante se considerarmos que este ano serão adjudicadas quatro vagas para EOI no concurso-oposição. Dificilmente a conselheria poderá adjudicar estas prazas se forem fechando cegamente as vagas que estão consolidadas desde há tantos anos.

- Se se concretizar, a proposta de eliminação deste terceiro professor **suporia uma discriminação frente a outros departamentos** da EOI de Lugo que ao que parece não vão sofrer uma redução do seu professorado, apesar de contarem com um número de alunos semelhante ou até inferior.

-A redução desta vaga e da oferta horária a ela ligada faz-se por meio duma alteração da oferta horária da EOI de Lugo para o próximo ano, baseando-se nas projeções de matrícula que a conselheria imagina, contrastando com as previsões feitas pelo professorado. Desta maneira, não é possível sabermos o número de alunos real que teriam os grupos cortados.

Por tudo o que foi exposto:

-Recebemos alarmados a notícia da redução ao 50% da oferta horária dos grupos de iniciação de português sem ao que parece ter existido uma redução significativa nas inscrições de matrícula com respeito a dados de anos anteriores.

- Se finalmente a **proposta de eliminação dum terceiro docente** se concretizar **preocupa-nos por duas razões**: que este seja um **primeiro passo para** continuar a **cortar** em docentes **nas**

**outras línguas** com igual número de inscrições **ou que apenas seja para cortar no português o que suporia uma discriminação** face os outros departamentos que poderia levar a desencontros dentro das escolas.

Pelo que solicitamos:

À conselharia e à inspeção educativa de Lugo que reconsidere a situação e realize as gestões correspondentes para:

-**Manterem as três vagas já existentes** de língua portuguesa na Escola Oficial de Idiomas de Lugo para o curso 2024-2025

-Abrirem a matrícula de português com **a mesma oferta e os mesmos critérios que se utilizam com as outras línguas** da escola que contem com números semelhantes.

- Que seja utilizado o mesmo critério para eliminar grupos para qualquer idioma oferecido nas EOI.

- Tomarem em consideração o **especial estatuto do português** tanto a nível político como administrativo à hora de **promover e reforçar a sua presença** nesse e noutros centros, através dos canais que já estejam a ser utilizados para outras línguas.

O departamento da EOI da Corunha

*Eduardo Managoto*

O departamento da EOI de Santiago de Compostela



O departamento da EOI de Vilagarcía

O departamento da EOI de Ourense

O departamento da EOI de Vigo

O departamento da EOI de Ferrol

O departamento da EOI de Vigo



O departamento da EOI de Ponte Vedra

O departamento da EOI de Ferrol



Os/As abaixo asinantes, **xefes/as** de Departamento de portugués **das principais** Escolas Oficiais de Idioma **EOI galegas** queremos mostrar a nosa preocupación pola situación do Portugués na EOI de Lugo á luz das seguintes informacións:

Segundo nos informan desde a escola de Lugo:

- A Escola Oficial de Idiomas de Lugo dispuña até hoxe dunha procura consolidada e de tres docentes de portugués: 2 definitivos e un interino.

- Desde hai aproximadamente cinco anos as cifras de matrícula en portugués parecen estar consolidadas e seren relativamente estábeis (entre 80 e 100 alumnos)

- A interinidade está consolidada: ocupouna durante 14 anos un profesor interino.

- Esta interinidade formou parte do Concurso de Estabilización para interinos de 2023, e tamén do Concurso Xeral de Traslados deste ano, e podería estar dispoñíbel no Concurso de Geral Traslados do ano próximo. Isto é especialmente importante se considerarmos que este ano serán adxudicadas catro prazas para EOI nas oposicións. Dificilmente a consellería poderá adxudicar estas prazas se foren fechando cegamente as prazas que están consolidadas desde há tantos anos.

- De se concretar, a proposta de eliminación deste terceiro profesor suporía unha discriminación fronte a outros departamentos da EOI de Lugo que ao parecer non van sufrir unha redución do seu profesorado, a pesar de contaren cun número de alumnos semellante ou até inferior.

-A redución desta praza e da oferta horaria a ela ligada faise por medio dunha alteración da oferta horaria da EOI de Lugo para o próximo ano, baseándose nas proxeccións de matrícula que a consellería imaxina, contrastando coas previsións feitas polo profesorado. Desta maneira, non é posíbel sabermos o número de alunos real que terían os grupos cortados.

Por todo o que foi exposto:

-Recibimos alarmados a noticia da redución ao 50% da oferta horaria dos grupos de iniciación de portugués sen ao parecer existir unha redución significativa nas inscricións de matrícula con respecto a datos de anos anteriores.

- Se finalmente a **proposta de eliminación dun terceiro docente** se concretar **preocúpanos por dúas razóns**: que este sexa un **primeiro paso** para continuar a **recortar en docentes nas outras linguas** con igual número de inscricións **ou que só sexa para cortar no portugués o que**

**suporía unha discriminación** face os outros departamentos que podería levar a desencontros dentro das escolas.

Polo que **solicitamos**:

Á consellaría e á inspección educativa de Lugo que reconsidere a situación e realice as xestións correspondentes para:

-**Manteren as tres prazas xa existentes** de lingua portuguesa na Escola Oficial de Idiomas de Lugo para o curso 2024-2025

-Abriren a matrícula de portugués coa **mesma oferta e os mesmos criterios que se utilizan coas outras linguas** da escola que contén con números semellantes.

- Que sexa utilizado o mesmo criterio para eliminar grupos para calquera idioma ofrecido nas EOI.

-Tomaren en consideración o **especial estatuto do portugués** tanto a nivel político como administrativo á hora de **promover e reforzar a súa presenza** nese e noutros centros a través das canles que xa estean a ser utilizados para outras linguas.

O departamento da EOI da Corunha

Edoardo Managoto

O departamento da EOI de Santiago de Compostela



O departamento da EOI de Vilagarcía

O departamento da EOI de Ourense

O departamento da EOI de Vigo



O departamento da EOI de Ferrol



O departamento da EOI de Ponte Vedra